


1 Le o seguinte texto e realiza as actividades.

**O sol e o mar**  
 O sol e o mar á montaña  
 moito lle poden querer!  
 Coróalle o sol a testa  
 e bícalle o mar  
 os pés.  
 ANTONIO NORIEGA VARELA:  
*Do ermo*, Editorial Galaxia

- Que tipo de texto literario é?  
 .....
- Cal é a diferenza que existe entre un poema e un texto en prosa?  
 .....  
 .....
- Transforma este poema nun texto en prosa.  
 .....  
 .....  
 .....

2 Completa a táboa coas palabras do caixón e escribe un sinónimo e un antónimo para cada unha delas. Os antónimos deben comezar cun prefixo.

Palabras	Sinónimos	Antónimos
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....



3 Engádelle ao texto os conectores que faltan.

- 

Encántame ir pasear coa miña avoa, ..... a ela gústalle moito que a acompañe. O outro día fomos á praia e ..... tomamos un xeado e ..... mercamos uns colares de cunchas. ...., pasamos unha tarde fantástica!


4 Divide estas palabras en sílabas, rodea a sílaba tónica e indica se son agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas (E).

- melóns ▶ ..... ▶ .....      dúbida ▶ ..... ▶ .....  
 increíbles ▶ ..... ▶ .....      fráxil ▶ ..... ▶ .....  
 devagar ▶ ..... ▶ .....      espírito ▶ ..... ▶ .....

5 Enumera os enunciados para que o diálogo teña sentido. Logo, indica se son oracionais ou non oracionais.

- É unha sorpresa. ▶ .....
- Onde? ▶ .....
- Que emocionante! ▶ .....
- Prepárate, que marchamos. ▶ .....

6 Observa os debuxos e completa os enunciados coa palabra que corresponda. Despois, indica de que tipo é cada un dos enunciados segundo a intención do falante.



- Fixen unha ..... para o Entroido. ▶ .....
- Que ben soa esa .....! ▶ .....
- Recolle ese ..... do chan. ▶ .....
- Gustouche o .....? ▶ .....

7 Le o seguinte texto e realiza as actividades.

NORMAS DE ACCESO E USO DA PISCINA DESCUBERTA

1. Está prohibida a entrada de animais no recinto da piscina.
2. Os usuarios deberán comer na zona da cafetería.
3. Os usuarios deberán cumprir as instrucións do socorrista en todo momento.
4. Os usuarios deberán saír da piscina media hora antes do seu peche.
5. Os menores de doce anos terán que acceder á piscina acompañados dunha persoa adulta.

- A que substitúe *seu* na norma número 4?  
.....
- Escribe un sinónimo de *cafetería* e outro de *acceder*.  
.....
- Que tipo de texto é? Xustifica a túa resposta.  
.....

Nome: ..... Data: ..... Curso: .....

1 Busca na primeira sopa de letras catro sinónimos da palabra *cariño* e na segunda, catro antónimos da palabra *valente*.

A	M	O	R	A	E	N	X
G	A	L	E	S	A	N	T
A	P	R	E	C	I	O	E
R	E	O	S	T	A	R	I
I	R	E	X	C	I	E	V
M	R	E	I	T	U	O	U
O	U	T	M	A	Z	T	N
T	S	A	F	E	C	T	O

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....

**Ten en conta**

Os **sinónimos** son palabras que teñen significados **iguais**.

**Ten en conta**

Os **antónimos** ou **contrarios** son palabras que teñen significados **opostos**.

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....

C	O	V	A	R	D	E	C
G	A	L	E	N	A	N	O
A	P	T	E	S	O	S	I
M	E	D	R	O	S	O	T
I	R	E	T	A	L	E	A
X	I	R	S	G	N	P	D
T	E	M	O	R	O	S	O
I	C	R	P	S	T	A	D

2 Relaciona os debuxos cos antónimos que lles correspondan.



•

•

desatar



•

•


vello



•

•

impar



•

•

día

3 Le as seguintes oracións e complétaas co sinónimo ou antónimo axeitado.

- Púxenme moi ..... *ledo* ..... (sinónimo de *contento*) cando me dixeches que viñas visitarme.
- En canto chegou á súa casa, ..... (antónimo de *abriu*) todas as ventás.
- ..... (sinónimo de *tomou*) unha cunca de leite con mel porque tiña mal a gorxa.
- Suso foi o primeiro da clase en ..... (antónimo de *saír*).
- A peiteadora de Rosalía é unha persoa moi ..... (antónimo de *calada*).

1 Le a descrición que escribiu Xan sobre o lugar onde vive e rodea os parágrafos en que está dividida.

Ola! Son Xan, mais todos me chaman Bule-bule porque din que son moi rápido.  
 Vivo nun sitio marabilloso. Desde o meu cuarto vexo toda a praza. Cando hai festas poden ver como a xente se divirte bailando as cancións que toca a orquestra.  
 Arredor da praza hai un parque con moitas árbores e, cando chega o bo tempo e o sol empeza a brillar, échense de flores e o aire ole de marabilla.

2 Le os seguintes diálogos e clasifica os enunciados en oracionais e non oracionais.



**Ten en conta**  
 Os enunciados poden ser de dous tipos: **oracionais**, que teñen polo menos un verbo, e **non oracionais**, que non teñen verbo.

Enunciados oracionais

Enunciados non oracionais

3 Relaciona cada enunciado co tipo que lle corresponda segundo a intención do falante.

- |  |   |               |
|--|---|---------------|
| O vindeiro mes veñen os tíos de Escocia.       | • | imperativo    |
| Canto nevou a fin de semana pasada!            | • | interrogativo |
| Volve para a casa ao rematares o adestramento. | • | enunciativo   |
| Apetéceche tomar un pouco máis de zume?        | • | exclamativo   |


4 Fíxate no debuxo e completa o texto cos pronomes e posesivos adecuados para evitar repeticións.

Os prismáticos téño.....os... (os/as) sobre a mesa e a buxaina está ao ..... (seu/teu) carón. Na cama hai unha camiseta, pero non é a ..... (miña/meu) preferida. Os pantalóns deixein..... (o/os) no chan. Ao ..... (súa/seu) carón hai unhas zapatillas que usa miña irmá porque as ..... (súas/miñas) están na lavadora.



Nome: ..... Data: ..... Curso: .....

1 Ordena as sílabas para formar palabras e escríbeas. Despois, colorea a peza que ten a sílaba tónica.



.....  
 .....  
 .....

**Ten en conta**

A sílaba tónica é a que se pronuncia con máis forza. As demais sílabas son sílabas átonas.

2 Observa os debuxos e completa as palabras coa sílaba tónica. Todas as palabras teñen acento gráfico.



panta.....



heli.....tero



.....bum



auto.....



ven.....



.....mara



.....bil



.....dico

3 Risca a palabra de cada grupo que teña diferente sílaba tónica. Despois, completa os enunciados.



• Segundo a sílaba tónica, as palabras sen riscar son .....



• Segundo a sílaba tónica, as palabras sen riscar son .....



• Segundo a sílaba tónica, as palabras sen riscar son .....

**Ten en conta**

Segundo a posición da sílaba tónica, as palabras poden ser: **agudas, graves e esdrúxulas.**

1 Le o seguinte texto e responde as preguntas.

A fin de semana **asistín** cos meus compañeiros da clase a unha **charla** sobre a importancia da **conservación** dos nosos **bosques**. Puxéronnos unha película moi fermosa sobre a natureza e o **poder**, e o **valor** que **esta** ten. **Aprendín** que se queremos **gozar** do medio que nos **rodea** temos que **coidar** del.

- Que palabras das destacadas non son agudas? .....
- Que palabra das destacadas é polisílaba? .....

2 Explica como se xoga ao teu deporte favorito. Utiliza polo menos tres conectores.

.....

.....

.....

.....

3 Le este texto e reescríbeo empregando os antónimos precisos para que exprese o mesmo que o que aparece no debuxo. No caso das palabras destacadas, usa un sinónimo.

O **partido** de baloncesto disputouse no patio do colexio. Xoel perdía sempre o balón e os **seareiros** permanecían sentados todo o tempo. Estaban moi desanimados porque o seu equipo ía perder.



.....

.....

.....

4 Observa o debuxo e escribe un diálogo no que empregues dous enunciados oracionais e dous non oracionais.



.....

.....

.....

.....